

## NOTA DE PRENSA

### **Actividade formativa para profesorado de Galicia- Plan de formación 2018-2019**

Profesoras e profesores de diferentes centros de Galicia estanse formando no CIFP Politécnico de Santiago na realización de **MANOBRAS EN CENTROS DE TRANSFORMACIÓN.**

**Esta actividade formativa forma parte do plan de formación da** Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.



**Para o desenvolvemento desta actividade estase utilizando o recurso didáctico “Smart Grid” -Rede Eléctrica Intelixente- Sistema de telecontrol e telemando aplicado a centro de transformación didáctico:**

[http://www.politecnicodesantiago.es/prox\\_innovac](http://www.politecnicodesantiago.es/prox_innovac)

Título da actividade formativa: <b>Manobras en centros de transformación</b>
Referencia: <b>S1801011</b>

**Horas totais**

Horas presenciais: 18

Horas non presenciais: 7

**Destinatarios desta formación (ciclos e módulos):**

- **Ciclos formativos Electricidade e electrónica**

**Ciclos formativos de grao medio:**

CMELE01 - Instalacións eléctricas e automáticas

Módulo: MP0236 - Instalacións de distribución

**Ciclos formativos de grao superior:**

CSELE01 - Sistemas electrotécnicos e automatizados

MP0522 - Desenvolvemento de redes eléctricas e centros de transformación

**Corpos e especialidades aos que vai dirixida esta formación:**

511125 - Catedráticos de ensino secundario. Sistemas electrotécnicos e automáticos

590125 - Profesores de ensino secundario. Sistemas electrotécnicos e automáticos

591206 - Profesores técnicos de formación profesional. Instalacións electrotécnicas

**OBXECTIVOS:**

1.-Identificar e describir as funcións, características e sinalizacións das partes fundamentais dun centro de transformación.

2.-Describir as operacións de seguridade previas á intervención: corte de fontes de tensión, encravamentos e bloqueos, etc.

3.-Simular o funcionamento dun centro de transformación coa aplicación.

**CONTIDOS:**

1.-Partes fundamentais dun centro de transformación; celas: tipos, características e elementos de sinalización.

2.-Aparellos de manobra e de protección en AT e BT: tipos e características. Equipamentos de protección individual.

3.-Realización de manobras nas celas dun centro de transformación.

<b>TEMPORALIZACIÓN</b>				
<b>Data</b>	<b>h</b>	<b>Horario</b>	<b>Sesión</b>	<b>Observacións</b>
04/09/2018	8	9:00 a 14:00 16:00 a 19:00	1ª Sesión presencial de 8 horas, En sesión de mañá e tarde,	inclúe a parte teórico-práctica no CT:
06/09/2018	5	9:00 a 14:00	2ª Sesión presencial (5h). En sesión de maña	Recurso didáctico PRÁCTICAS MT2.0. Xerar recurso didácticos para aula.
Formación en rede	7		Realización das prácticas utilizando o simulador PRÁCTICAS MT2.0	
13/09/2018	5	9:00 a 14:00	3ª Sesión presencial (5h). En sesión de maña	Recurso didáctico PRÁCTICAS MT2.0. Xerar recurso didácticos para aula.